

**CONVENIO “CAMPIONATO DE BALONMÁN PRAIA E PISTA DO MORRAZO” ENTRE A E
A MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DO MORRAZO E A FEDERACIÓN GALLEGA DE
BALONMÁN**

REUNIDOS

Dunha parte, Félix Juncal Novas, Presidente da Mancomunidade des Concello do Morrazo

E doutra parte, Bruno López Molina, con DNI 79330257Z, en calidade de Presidente da Federación Galega de Balonmán.

Ámbalas dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste convenio e, a tal efecto

EXPOÑEN:

- I. Como desenvolvemento do plano estratéxico de subvencións e atendendo ao disposto polos artigos 25.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e 80.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os concellos que forman a Mancomunidade, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo, exercendo en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas materias de promoción do deporte de instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre. No mesmo senso, o artigo 8 da Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia establece

como competencia dos concellos, entre outras, fomentar e promover a actividade deportiva no seu territorio respectivo. A Mancomunidad pola súa parte ten entre seus fins a promoción turística a potenciación da Comarca. As actividades que se desenvolven neste convenio terán lugar nas praias do Morrazo durante a época estival.

- II. Que entre os principais fins da entidade Federación Galega de Balonmán figuran as concorrentes coas competencias expresadas en relación á organización de eventos desta disciplina deportiva.
- III. A Mancomunidad e os Concellos integrantes queren facer un esforzo importante, para a celebración de eventos deportivos, culturais e de tempo libre de primeira orde coa finalidade de fomentar a participación deportiva de ocio e tempo libre entre a poboación e promover a súa imaxe.
- IV. Os estatutos da devandita Federación foron validados e atópase inscrita no Libro de Federacións Deportivas Galegas do Rexistro de Asociacións Deportivas, co numero 7, e no Consello Superior de Deportes.
- V. A tal fin, no marco das competencias en materia deportiva e de ocupación do tempo libre, segundo os artigos antes citados da Lei 7/1985 e da Lei 3/2012, a Mancomunidad de Concellos do Morrazo comprometeu no seu Orzamento xeral para 2022 a aplicación orzamentaria necesaria para asumir unha parte dos gastos que ocasiona a organización de actividades e eventos deportivos, singulares e relevantes, no noso municipio.
- VI. O convenio de colaboración resulta o instrumento xurídico habitual para canalizar as subvencións tramitadas polo procedemento de concesión directa,

consonte ao establecido, baixo a vixencia da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e do Regulamento que desenvolve a anterior , aprobado por Real decreto 887/2006, de 17 de novembro, así coma da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia figurando como tal subvención nominativa nos Orzamentos da Mancomunidade para o ano 2022 aprobados.

- VII. A organización dos eventos subvencionables obxecto do presente convenio corresponde en exclusiva a Federación Galega de Balonmán o que imposibilita a concorrencia con outras entidades deportivas xa que a Federación ten entre as súas funcións organizar as competicións oficiais de carácter autonómico e as nacionais ou internacionais que lles sexan adxudicadas, que se celebren no territorio galego.
- VIII. Que a Federación é titular do evento denominado Circuito Galego de Balonmán Praia 2022 o cal se vai a celebrar durante os meses de xuño, xullo e agosto de 2022, en diferentes municipios galegos.
- IX. Que a Federación considera que a organización deste evento deportivo patrocinado pola Mancomunidade de Concellos do Morrazo é relevante posto que a actividade que representa supón unha das mellores ferramentas das que dispoñen os promotores para fomentar esta modalidade deportiva e, como consecuencia, incrementar o número de seguidores practicantes, potenciando ao mesmo tempo as actividades de tempo libre, ocio e práctica deportiva no verán nos Concellos integrantes.
- X. O convenio de colaboración resulta o instrumento xurídico habitual para canalizar as subvencións tramitadas polo procedemento de concesión directa, consonte ao establecido baixo a vixencia da Lei 38/2003, de 17 de novembro,

xeral de subvencións e do Regulamento que desenvolve a anterior, aprobado por Real decreto 887/2006, de 17 de novembro, así coma da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

- XI. A tal fin a Mancomunidade aprobou para o exercicio 2022 a existencia dun crédito nominativo a favor da Federación Galega de Balonmán para a organización de estes eventos polo importe de 45.000 euros.
- XII. En consecuencia, co fin de conseguir a máxima repercusión social, unha eficaz organización e a adecuada aplicación dos recursos, as partes deciden subscribir o presente Acordo de Colaboración para a Celebración do Campionato Galego Balonmán Praias Morrazo 2022, Circuito de Balonmán que se rexerá polas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- A Federación organizará dous (2) campionatos de balonmán praia e un (1) de torneo de pista, con arranxo ao calendario seguinte:

- Torneo Mancomunidade Concellos do Morrazo de Balonmán Praia (Proba Concello de Bueu): 1, 2 e 3 de xullo de 2022.
- Torneo Mancomunidade Concellos do Morrazo de Balonmán Praia (Proba Concello de Moaña): 8,9 e 10 de xullo de 2022.
- Fase Final Copa Galicia de Balonmán Mancomunidade Concellos do Morrazo (Concello de Cangas): 26,27, 28 de agosto de 2022.

SEGUNDA.- CONTIA DA SUBVENCIÓN

A achega da Mancomunidad efectuarase con cargo a partida do Orzamento aprobado para o 2022 que se detalla, tendo emitido informe a intervención sobre a existencia de crédito nominativo na sinalada aplicación orzamentaria.

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	DENOMINACION	IMPORTE
2022 341 48000	Convenio Federación de Balonmán	45.000 EUROS

A subvención outorgada pola Mancomunidad é compatible con outras axudas, ingresos ou recursos públicos ou privados para a mesma finalidade. Neste caso, na xustificación da subvención debera de acreditarse o importe, procedencia e aplicacións dos fondos percibidos a actividade subvencionada.

A contía da subvención achegará ata o 90 por cento do custo total efectuado polo beneficiario.

A entidade beneficiaria en colaboración coa Mancomunidad comprométese a solicitar as autorizacións que, no seu caso, sexan necesarias para o desenvolvemento das actividades, así como a por en coñecemento deste entidade as datas e lugares previstos para o desenvolvemento daquelas, cando non resulte preciso a obtención de licenza municipal.

A entidade beneficiaria poderá contratar os gastos que sexan necesarios para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

Ao abeiro do disposto no artigo 31 da Lei 38/2003 xeral de subvencións, cando o importe do gasto subvencionable contratado pola beneficiaria supere a contía de 12.000,00 euros, deberán solicitarse como mínimo tres ofertas de diferentes provedores. A elección entre

as ofertas presentadas, que deberan de achegarse no seu caso na xustificación, realizarse conforme a criterios de eficiencia e economía; no caso de elixir a oferta menos vantaxosa dende o punto de vista económico, debera de xustificarse esta circunstancia expresamente nunha memoria.

TERCEIRA: COMPROBACIÓN DA SUBVENCIÓN

Para o seguimento das actuacións previstas e a solución de calquera controversia que xurda en canto a interpretación dos termos do presente convenio, constitúese unha Comisión de Seguimento integrada polo Presidencia ou persoa concelleira na que delegue e o presidente da Federación.

No exercicio das funcións de fiscalización e control do destino dos fondos públicos a entidade beneficiaria facilitara canta información lle sexa requirida polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas de Galicia. Neste senso, a súa actuación estará sometida a esixencia de responsabilidade contable nos termos e co alcance que determine, no seu caso, a fiscalización dos anteriores órganos.

CUARTA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

Consideraranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubidable respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen con anterioridade a finalización do período de xustificación.

O IVE soportado, que debera de constar desglosado, será subvencionable cando o beneficiario non poida deducilo, recuperalo ou compensalo.

Os custes indirectos imputaranse a actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda e na medida en que estean relacionados de maneira indubitada e se realicen no período no que se desenvolva a actividade. En concreto, consideraranse custes indirectos os gastos de persoal que non sexa contratado especificamente para levar a cabo os eventos subvencionados; neste caso, debera de achegarse certificado do beneficiario relativa ao custe imputado a subvención.

QUINTA.- POSIBILIDADE DE ANTICIPO

Concederáse un anticipo do 50 % da contía da subvención á sinatura do presente convenio. A tal efecto a Federación presentará certificación bancaria correspondente da conta da súa titularidade a través da sede electrónica da Mancomunidad.

SEXTA: OBRIGAS DO BENEFICIARIO

A Federación Galega de Balonmán comprométese a destinar a subvención ao desenvolvemento da actividade descrita na cláusula primeira e está obrigada a destacar en lugar preeminente a colaboración económica ou patrocinio da Mancomunidad dos Concellos do Morrazo, tanto nos libros, folletos, carteis, informacións, material e documentación en xeral, así como nos anuncios de difusión das actividades.

A Federación Galega de Balonmán ten a condición de organizadora e promotora exclusiva da actividade subvencionada limitándose a colaboración da Mancomunidad á achega da subvención comprometida, polo que esta administración está eximida de calquera responsabilidade que poida derivarse da realización do evento.

SETIMA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

O procedemento rematará coa aprobación da conta xustificativa da subvención.

A entidade beneficiaria está obrigada a presentar na sede electrónica da Mancomunidad de Concellos do Morrazo a conta xustificativa da subvención.

A data limite para a presentación da conta xustificativa será de tres meses dende a sinatura do convenio que, en todo caso, non poderá exceder do 30/11/2022.

O tipo de xustificación será conta xustificativa con achega de xustificantes de gasto debendo de presentar a seguinte documentación:

- Memoria detallada da actividade subvencionada que deberá estar asinada.
- Xustificación documental do gasto: facturas ou demais documentos de valor probatorio equivalente.
- Un exemplar da documentación que acredite o financiamento da actividade pola Mancomunidad de Concellos do Morrazo (folletos, dípticos, carteis, etc...).
- Certificacións de estar ao corrente coa Tesoureira Xeral da Seguridade Social, coa Axencia Estatal Tributaria e coa Consellería de Economía e Facenda.
- Relación total de ingresos da actividade subvencionada.
- Relación total de gastos da actividade subvencionada (con indicación das facturas ou dos documentos xustificativos do gasto).

As facturas xustificativas da subvención deberán cumprir os requisitos establecidos no Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, aprobado polo Real Decreto 1019/2012, estarán datadas no período subvencionable e conterán o selo de pagado ou xustificación documental que acredite o seu pago.

Debera achegarse pola beneficiaria a xustificación documental do pago e, no caso de que esta non poida presentarse coa conta xustificativa, debera de acreditarse o pagamento no prazo de 10 días dende o abono da subvención pola Tesoureira da entidade.

Así mesmo, segundo a Lei 7/2012 de 29 de outubro, non poderán pagarse en efectivo as operacións de importe igual ou superior a 2.500,00 euros, polo que, o pagamento destas operacións acreditarase co correspondente xustificante da transferencia bancaria.

OITAVA: RESPONSABILIDADES DA FEDERACIÓN

A FEDERACION responsabilizarase de:

- 1.- Organización técnico-deportiva da Xira Galega de Balonmán Praia Campionato do Morrazo 2022 que se disputará en categorías feminina e masculina (sénior, xuvenil, cadete e infantil).
- 2.- Montaxe dos campos, bancadas, paus e redes de protección traseiras dos campos.
- 4.- A produción completa para as retransmisións por streaming das finais.
- 5.- Programa completo de comunicación e zona exclusiva na web da Federación.
- 6.- Servizo Fotográfico.
- 7.- Bebidas necesarias para todos os deportistas que tomen parte na Competición.
- 8.- Trofeos nas cerimonia de premios.
- 9.- Marcadores electrónicos para pista central.
- 10.- Servizos médicos necesarios para cubrir o evento.
- 11.- Logotipo en cartelería do evento
- 12.- Participación na presentación oficial da Xira Galega de Balonmán Praia 2022

NOVENA: RESPONSABILIDADES DA MANCOMUNIDADE DO MORRAZO

A Mancomunidad do Morrazo abonará á Federación Galega de Balonmán o noventa por cento dos gastos incorridos ca cantidade máxima de corenta e cinco mil euros (45.000,00€) en concepto de subvención nominativa.

DECIMA.- VIXENCIA DO CONVENIO

A vixencia do contrato comprenderá desde a o un de xaneiro do presente exercicio 2022 a data de presentación das facturas e documentos xustificativos sinalados neste convenio.

E para que así conste e forneza os efectos oportunos, asínase electronicamente o presente convenio na data sinalada dixitalmente á marxe.

